

CONVOCATORIA II CONCURSO DE RELATOS BREVES ECOS DA MENTE

BASES DO CONCURSO:

1. Establécense para o citado concurso catro categorías:

- **Diversa:** para persoas con diversidade funcional con máis de 16 anos.
- **Adulta:** para persoas de máis de 30 anos.
- **Xuvenil:** para persoas de 16 a 30 anos de idade.
- **Adolescente:** dirixida a persoas de entre 12 e 16 anos de idade.

Terase en conta a idade no último día do prazo de presentación.

2. A temática dos relatos debe ser sobre a **repercusión da dixitalización na saúde mental**: como afectan ao noso benestar emocional as redes sociais, o uso da IA, os xogos en liña, as consecuencias do tempo adicado a internet, entre outras, sen excluír outras variantes relacionadas.

Os traballos realizaranse en galego, deben ser orixinais e inéditos e cunha extensión máxima de 1.000 palabras, sen incluír o título.

3. Presentación dos relatos: Os traballos serán enviados á Asociación Saúde Mental A Creba, ao seu enderezo electrónico acrebabarbanza@acreba.org.

- Nun documento, en formato PDF, enviarase o citado traballo, que virá asinado cun pseudónimo ou alcume (deste xeito garántese que o xurado descoñeza a autoría).
- Noutro documento, en formato PDF ou Word, achegarase o nome do

traballo, nome e apelidos, DNI, data de nacemento, enderezo electrónico, enderezo postal e teléfono.

- Débese enviar asinado o documento sobre consentimento en materia de protección de datos. No caso das persoas menores de idade será asinado polas persoas titoras legais.

Enviarase unha confirmación de recepción.

*** Para ser valorado o relato no concurso será condición imprescindible enviar os tres documentos tal e como se solicitan.**

4. Prazo de presentación: O prazo de presentación remata no día 20 de outubro do ano 2025.

5. O xurado estará formado por tres persoas con coñecementos en materia e en literatura. A maiores haberá un secretario ou unha secretaria con voz pero sen voto. Serán competentes para resolver aquelas cuestións que non estean recollidas nas bases.

6. Os premios serán os seguintes:

- **Categoría Diversa:** un vale de 120 € nos comercios de Ribeira.
- **Categoría Adulta:** un vale por valor de 120 € nos comercios de Ribeira.
- **Categoría Xuvenil:** un vale por valor de 120 € nos comercios de Ribeira.
- **Categoría Adolescente:** un vale de 120 € nos comercios de Ribeira.

7. As persoas que presenten traballos a este concurso declaran ser responsables da autoría e orixinalidade destes.

8. A Creba e/ou o Concello de Ribeira reservan para si o dereito á publicación e difusión dos traballos.

9. A presentación ao concurso supón a aceptación e conformidade coas bases,

que se poden someter á interpretación da organización naquilo non recollido.

10. Conforme ao disposto na normativa vixente na materia de protección de datos de carácter persoal, isto é, a Ley Orgánica 3/2018 (LOPDGDD), relativo á protección de datos das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, así como na lexislación española aplicable na citada materia, a Asociación Saúde Mental A Creba informa que será responsable do tratamento dos datos de carácter persoal recadados no marco do presente premio, tratándoos coa finalidade de xestionar a organización e a resolución do mesmo. As persoas participantes poderán exercer en calquera momento, os seus dereitos de acceso, rectificación supresión e oposición; así como calquera outro establecido na normativa vixente enviando correo electrónico a acreba@acreba.org .

